



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

27 de agosto de 2009

Nº 16/09

METEOROLOXÍA

Durante o último período disfrutouse de tempo seco e caluroso en todas as zonas de Galicia, pero a partir do día 22 o ceo anubouse e baixaron as temperaturas, producíndose en algunhas zonas pequenas precipitacións e orballos.

Previsión: Galicia volverá quedar baixo influencia anticiclónica, aínda que pouco a pouco comezará a penetrar aire frío en altura que inestabilizará o tempo na metade norte. As temperaturas acadarán valores propios da época do ano, especialmente durante as primeiras xornadas, diminuíndo progresivamente.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio:

N (maduración dos acios).

A esta altura da campaña levase un adianto vexetativo medio respecto a última de 2-3 días. A época de vendimia si a climatoloxía é a habitual do mes de setembro, prevese para a última semana de setembro.

A estimación de colleita para a presente campaña é similar o ano pasado.

Fisiopatías:

Debido os días de forte insolación que se produxo durante o mes de agosto, algúns acios sen protección foliar sufriron queimaduras parciais.





Incidencias fitopatolóxicas máis importantes:

Mildeu (*Plasmopara vitícola*).

Durante os últimos días nos viñedos pouco agostados, que teñen todavía crecemento activo hai novos síntomas de mildeu en folla, xa que dende o 22 de agosto veñen producíndose condicións de esporulación.



Botrite (*Botrytis cinerea*)

A sintomatoloxía do fungo non aumentou; apeas obsérvanse en algúns viñedos uvas illadas sen contaminar ata o momento o acio. Normalmente estas uvas inicialmente afectadas son debido os orificios de alimentación das larvas de polilla.



Pragas.

Obsérvase en viñedos sintomatoloxía da presenza de insectos e ácaros, que non foron controlados nos momentos recomendados en anteriores boletíns, seguindo os principios do umbral de tratamento en cada situación particular de cada parcela.

As principais pragas que están producindo síntomas nos viñedos son os ácaros *calepitrimerus vitis* (acariose) e o *panonychus ulmi* (araña roxa). Entre as pragas destacan os síntomas de mosquito verde. As capturas de adultos da 3ª xeración de polilla comencan a aumentar, pero esta xa non vai chegar a producir danos nos acios debido as larvas da praga.

Os viñedos con sintomatoloxía apreciable de acaros ou mosquito verde, aínda que non causan apeas perda de colleita, sí que diminúen o metabolismo das follas e polo tando inducen unha peor maduración nas parcelas afectadas.



Incidencias fitopatolóxicas máis importantes:



Síntomas foliares da presenza de mosquito verde



Viñedo con síntomas de araña roxa



Viñedo con síntomas de acaríose

Recomendacións.

Debido a cercanía da vendima en xeral xa non se recomiendan tratamentos fitosanitarios para o control de pragas e enfermidades, xa que estas tiñan que estar controladas de selo caso, con tratamentos realizados nas últimas datas. Si acaso, xuntificase unha aplicación puntual hai que evitar o tratamento as uvas e buscando sobre todo o contacto da aplicación coa masa foliar, no caso do mildew e ácaros.

Únicamente en viñedos con sensibilidade a botrite poderían realizar unha última aplicación con antibotrítico as uvas. Os viñedos nos que se xustifica esta aplicación son os que a día de hoxe teñan unha sintomatoloxía en torno o 2-3 % de acios con síntomas ou en calquera caso cando se trata de variedades sensibles como a godello, treixadura, dona branca, caíño, mencia,...

De selo caso, as materias activas recomendadas son: boscalida, ciprodinil+fluodixinil, fenhexamid, iprodiona, mepanipyrim, metil-tiofanato ou pirimetanil.



DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

D.O. RIBEIRO

Estado fenolóxico medio: O estado maioritario é maduración (N).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Non se produciron incidencias de importancia. As altas temperaturas que se suceden estes días producen nos acios máis expostos danos polo sol que non requiren ningún tratamento.

Seguen producíndose novos ataques de mildeu en brotes novos que non supoñen un problema de importancia para a cepa.

As capturas de mosquito verde mantéñense en valores baixos, podéndose apreciar os síntomas en folla cando a presión da praga é forte, inda que non se recomenda o tratamento con produtos fitosanitarios.

O número de polillas do acio capturadas é baixo polo que non se recomenda un tratamento para o seu control. Débense manter vixiados os acios para evitar que proliferen os vagos perforados polas larvas e así facilitar ataques de botrite, inda que non se estima que esto poda suceder.

Recomendacións da semana:

Débese continuar coas **labouras culturais de despunte e conservación do solo**. As operacións de desfollado deberán facerse sempre na cara do nacente para evitar que se queimen os vagos. Tamén é recomendable continuar coas operacións de aclareo de acios na búsqueda dun equilibrio axeitado na cepa que permita unha boa maduración da uva.



Atopámonos nunha fase óptima para **marcar aquelas cepas que presentan síntomas de enfermidades da madeira** como pode ser o complexo iesca, para despois poder traballar con elas ao marxe do resto para evitar a transmisión da patoloxía.

Débese manter vixiado o cultivo, especialmente para evitar feridas nos vagos que faciliten ataques de botrite. **Non é preciso renovar os tratamentos salvo cando o ataque de mildeu en brotes novos sexa moi forte e exista risco de defoliación**, entón pódese facer un tratamento con materias activas cúpricas.



DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

D.O. VALDEORRAS

Estado fenolóxico medio: Variable: pleno envero (**M2**) - maduración (**N**).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Sen novidades respecto a semana pasada. Sen incidencias fitosanitarias de importancia. Proseguen os ataques de mildeu en brotes novos que non precisan tratamentos. Ausencia de síntomas de ataques provocados por pragas salvo as coloracións propias das picaduras de cicadelas.

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

D.O. RIBEIRA SACRA

Estado fenolóxico medio: Variable: pleno envero (**M2**) - maduración (**N**).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Aparecen novos síntomas de ataques de mildeu en brotes terminais que non supoñen un problema de importancia sen que requiran tratamentos. Nalgunhas zonas, de xeito puntual e principalmente en cepas non protexidas, apareceron acios atacados pola botrite, situación que foi favorecida polas contínuas néboas matinais da zona.

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

D.O. MONTERREI

Estado fenolóxico medio: Variable: pleno envero (**M2**) - maduración (**N**).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Situación semellante á semana pasada. Sen incidencias fitosanitarias salvo ataques de mildeu en brotes novos.

Non se produciron incidencias provocadas por ataques de pragas. O número de individuos contabilizados nas trampas non supera o umbral de tratamento.

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.



PATACA en A LIMIA

Estado fenolóxico: fase de senescencia.

Os tubérculos están na fase de maduración. A mata tomou a cor amarela e está seca. As parcelas con variedades para industria van máis retrasadas respecto ás de consumo.

Na maioría das parcelas aplicáronse herbicidas para queimar a vexetación. **Soamente se poderán aplicar materias activas autorizadas.**

Sen incidencias fitosanitarias de importancia.

Con este aviso dase por rematada a serie de partes fitosanitarios correspondente ao ano 2009.